

## *A META*

por Alaia Neria

Houbo un tempo en que fun un mascato, malia que a palabra «tempo» agora mesmo só é un concepto difuso que se esvaece na borraqueira luminosa que rodea a miña conciencia. Non gardo verdadeiras lembranzas daquela miña vida, só imaxes truncadas e por riba de todo, sensacións. A ingravidez dominaba os meus días, cando revoaba sobre un mar picado e coroado de espuma. A caza entre as ondas, o niño ao acubillo dun cantil escuro, os chíos da manda, o verdor dunha terra agreste sobre a que se erguía, orgullosa, unha esparragueira inmensa que tornaba a súa luz nas noites de invernía. Apenas lembro canto tempo fun unha ave mariña, aínda que sei que antes fun outra entidade da que non gardo apenas máis recordo que unha palabra. Ás veces, dentro desta néboa, hai un nome que resoa con mil ecos, como se me achase nunha caverna infinita: «Lucía». Mais o único que me trae á memoria ese son é unha dor fermosa ao seu xeito.

No meu tempo como paxaro dos cons, mentres xogaba saltando coas ás estendidas de refacho en refacho, ollei aquel horizonte dourado onde a brétema viraba creando formas imposíbeis e souben que aquel era o meu destino. Tomei impulso e fixen do trebón un irmán das miñas ás, domeei a súa forza salvaxe e incontida coas miñas penas albas disposto a acadar aquel obxectivo final, aquel lugar que prometía paz, marabilla e acougo.

Mais no meu voo febril a rentes da auga, unha onda de crinas negras zarrapicou o meu corpo grácil e afeito á tempestade. Sentín a dor dos meus membros lastrados por unha mesta pezoña que fedía á morte. E caín. Torneime negro como o corvo mariño, pesado como o corisco que fere. Arrebolei, incapaz

de reaxir, sobre un leito de veneno escuro e, arrebatado con dor aquel meu horizonte soñado deixei de ser mascato para sempre.

Houbo outro tempo en que fun toupa. Cega no meu mundo de tobos, podía sentir os latexos da terra, cada movemento furtivo de cada criatura que nacía e morría ao meu redor, na superficie e por baixo de min. As correntes subterráneas arrolaban o meu sono e coas uñas abría vieiros no infinito escuro que arrecendía a vida.

Porén, achaba de menos algo, unha inquietude esvaradía, unha sospeita que non chegaba a ser lembranza nin pensamento. Soñaba, ás veces con luces estarrecedoras e espazos abertos. Xigantescos monstros e monólitos cubertos de vidro que se erguían cara ao ceo ferinte. «Lucía», dicían os ecos da terra cando este temor atávico me alagaba, mais nunca souben o como nin o porqué daqueles pesadelos.

O único recordo vívido que gardo do meu tempo de toupa é o último. O son máis perfecto que endexamais ouvira, acompañado dun cheiro que non podía ser deste mundo, senón doutro moito mellor. Estaba moi preto, podía sentilo en cada raíz, en cada vibración do solo. Abrín camiño, presa dunha actividade frenética, para acadar aquel lugar que o meu instinto me dicía que sería a perfección, a meta, a totalidade debuxada con trazos de mestría sobrenatural.

Xa estaba, un pouco máis, non importaba o cansazo, a asfixia do meu miúdo corpo, o esgotamento absoluto, non faltaba nada.

E entón, a luz. A vertixe apoderouse do meu peito e vinme privada do tobo, da terra, dos sentidos. Volteei nun medio etéreo que non dominaba. O sol queimoume a pel e o ruído atroz duns monstros de pedra e ferro atoáronme os sentidos. E alá abaixo, tan preto e tan lonxe agora, ficaba o meu obxectivo que

non podería acadar xamais. Arrebatada da terra por unhas gadoupas de metal, deixei de ser toupa.

Houbo outro tempo en que fun lontra. Aínda que as miñas lembranzas non son vívidas, hai certas imaxes gardadas na miña conciencia que me levan a experimentar iso ao que na forma corpórea doutro ser podería cualificar como felicidade. Durmía nas noites estreladas cabo dun río cantareiro, ao acubillo das matogueiras, arrolada polo fluír caprichoso da auga entre os coios. De día mergullábame coas miñas irmás e as miñas fillas na procura de peixes gorentosos e esvaradíos, ou só polo simple pracer de xogar e deixarme levar polas correntes mansas daquel meu fogar. A auga era parte de min e eu era parte dela, formabamos unha comunión, unha aliaxe perfecta que me facía sentir iso que, de o coñecer, chamaría «fogar».

Un día albisquei un peixe tan formidábel como esquivo. O seu lombo de prata aparecía e desaparecía entre as rochas averdadas do leito, como se quixese xogar ás agachadas. Divertida, nadei tras del durante o que puido ser unha eternidade, e remontei o río até confíns nunca explorados por ningún membro da miña colonia. Estaba soa e moi afastada dos meus cando os meus olliños enxergaron aquel portento de fervenza rodeada da máis radiante bruma. Os raios do poñente pintaban a nube de auga pulverizada dun dourado que nunca non imaxinaría. O peixe desapareceu para sempre da miña cabeza, pois só tiña ollos para aquel espectáculo sen precedentes. E avancei cara a alí, nadando contra a forte corrente das cachoeiras salpicadas de coios esvaradíos.

Non faltaba moito, cando notei na auga unha calidade estraña, un cheiro particular. Reparei en que nas ribeiras acumulábase unha espuma amarelada e gorda, unha tona que non debería de estar aí. Aos poucos, os fortes músculos

do meu corpo grácil fóronse afrouxando un a un. Non podía controlarme, algo terríbel acontecía comigo. Unha sede incontrolada apoderouse de min, dei un grolo da corrente e notei un sabor acedo que me secaba por dentro. A ferverza rodeada daquela nube máxica estaba aí, case ao meu carón, mais a corrente turraba con forza de min no sentido contrario e eu de cada vez desfalecía máis e máis. Á fin, o sabor daquela auga maldita na boca veuse substituído polo gusto metálico do sangue, afrouxei o corpo e todo se fixo escuridade, para deixar de ser lontra por sempre.

E agora, diante desta luz, nesta sala sen tempo e sen espazo cuxas paredes, teito e chan están cubertos dunha bruma dourada, pregúntome cantas outras vidas vivín e cantas outras veces fallei para chegar ao lugar onde agora me acho. Fun Lucía, un ser do que pouco ou nada lembro, fun mascato do cantil agreste, fun toupa de terra escura e fun lontra do río manso. Poida que agora estea aquí, no que era o obxectivo de todos os seres que fun e sigo a ser, porque rompín as cadeas que me lastraban ao comprender finalmente que no meu interior habita unha totalidade que nin o veneno nin o ferro poden crebar xamais.

\* \* \*

Marga rillaba nas unllas mentres se remexía inquieta na incómoda cadeira de plástico laranxa do corredor. Os seus ollos amosaban os sucos de quen non dorme nunha cama en días e de quen chora en silencio nas longas noites en vela. A porta de en fronte renxeu e a figura espigada e enxoita dun doutor novo emerxeu baixo o limiar. As pernas de Marga afrouxáronse e o seu corazón comezou a latexar á carreira para ficar case paralizado un intre despois. As palabras pelexaron por saír todas xuntas, mais atoáronse na gorxa.

—É vostede a filla de Lucía Álvarez, non si? —dixo o home de bata branca cunha voz que xa ensaiara tantas outras veces. Marga limitouse a asentir coa cabeza—. Laméntoo moito, pero non puidemos facer ren. As tres veces anteriores logramos traela de volta, mais nesta última o seu organismo decidiu renderse. De verdade que o lamento.

Marga asentiu en silencio, ergueuse da cadeira e atravesou aquel limiar para se despedir por última vez.

«Boa viaxe esteas onde esteas, mamá»